



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 14.08.2025

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL, **RESOLVO**:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, que terá lugar o día 14 de agosto de 2025 ás 14:15 horas no salón de sesións da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Ratificación da urxencia

2. Aprobación de actas de sesións anteriores: sesión ordinaria do 01.08.2025 e sesión extraordinaria e urxente do 08.08.2025

3. Licenzas urbanísticas e comunicación previas

3.1. Expediente número 2025/U030/000004. Comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de edificación para unha vivenda unifamiliar illada, peche de parcela e piscina na rúa do Pontigo, 14 de Costa Miño Golf de Construcción y Renovación Integral Losada, S.L.

4. Tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalía

4.1. Expediente núm. 2025/V006/000012. Tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía que solicitou T. A. G.

4.2. Expediente núm. 2025/V006/000013. Tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía que solicitou C. S. P.

5. Expte. núm. 2025/C003/000007. Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación da obra de “Mellora da eficiencia enerxética do pavillón municipal de deportes do Concello de Miño”

A documentación estará á disposición das concelleiras e concelleiros a través do portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira